



Santiago, 19 de maio de 2020

Benqueridas familias:

Comunicámosvos que segundo a Orde do 12 de maio de 2020 (DOGA 19 de maio de 2020), pola que se regula a participación no Fondo Solidario de libros de texto para o curso escolar 2020/21 destinadas a:

- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en 1º e 2º Ed. Primaria, Educación Especial (NEAE) e ao alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%. Alumnado matriculado en 3º e 5º Ed. Primaria que se permitirá a adquisición e substitución de libros de texto, de acordo co establecido na Orde do 29 de maio de 2013 (DOG do 30 de maio), pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares.
- **Fondo Solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en 4º e 6º Ed. Primaria e en, 3º e 4º ESO; cursos nos que necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2019/2020.
- **Axudas para material escolar:** a todo o alumnado matriculado en Ed. Primaria e en ESO cunha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€ . O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de Educación Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

O alumnado matriculado en 1º e 2º ESO no curso 2020/21, no noso centro, están incluídos no Proxecto Educación Dixital (E-DIXGAL) polo que está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. No obstante, poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúna os requisitos establecidos na orde.

### **Renda per cápita da unidade familiar**

1.- Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2018 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

2.- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas física no exercicio fiscal 2018, sumarase a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

3.- Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

### **Presentación de solicitudes**

A solicitude será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2020/21, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso. Se están admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros.

No caso que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación Fondo libros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno.

### **Trámites:**

As solicitudes presentarase empregando a aplicación informática “fondo libros”

<https://www.edu.xunta.es/fondolibros> ou preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica

da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> , ou ben presencialmente nos propios centros docentes, así como en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo. A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumno, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude.

### **Obrigas das persoas beneficiarias**

1.- Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2019/20.

Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º Ed. Primaria, o alumnado de Educación Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.

**A falta de devolución dos libros de texto será causa de exclusión da participación no fondo solidario ou axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2020/21**

2.- Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2020/21 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro, segundo o caso.

3.- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumno.

4.- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

5.- Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Documentación**

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (**anexo I**) a seguinte documentación:

**Anexo II** (Autorización dos membros da unidade familiar, agás dos solicitante que xa autoriza no Anexo I).

**Copia do libro de familia** onde figuren os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou non este reflecta a situación en 31 de decembro de 2018 poderán acreditar o número de membros segundo consta no Artigo 12 da Orde do 12 de maio de 2020 (DOGA 19 de maio de 2020)

**En caso de separación ou divorcio**, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e /ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

### **Dias e horas da Entrega de libros do Fondo Solidario do Curso 2019/20**

<b><u>CURSOS</u></b>	<b><u>DÍAS</u></b>	<b><u>HORARIO</u></b>
<b>3º ED. PRIMARIA 4º ED PRIMARIA</b>	Luns, 22 de xuño	Mañá: 8:30 a 13:00 hrs. Tarde: 15:30 a 18:00 hrs.
<b>5º ED. PRIMARIA 6º ED PRIMARIA</b>	Martes, 23 de xuño	Mañá: 8:30 a 13:00 hrs. Tarde: 15:30 a 18:00 hrs.

<b>2º ESO</b> <b>3º ESO</b>	Xoves, 25 de xuño	Mañá: 8:30 a 13:00 hrs. Tarde: 15:30 a 18:00 hrs.
<b>4º ESO</b>	Venres, 26 de xuño	Mañá: 8:30 a 13:00 hrs.
O alumnado da ESO que teña algunha materia pendente, <b><u>deberá quedarse co libro correspondente</u></b> ata que se examine en setembro que deberá entregalo antes do 7 de setembro de 2020.		

### **Prazos**

Presentación de solicitudes	Ata o 19-06-2020
Publicación de listaxes provisionais	10-07-2020
Reclamación ás listaxes provisionais	2 días seguintes ás publicación
Publicación listaxes definitivas 4º e 6º Ed. Primaria	20-07-2020
Publicación listaxes definitivas 3º e 4º ESO	14-09-2020
Entrega de libros	Tanto Ed. Primaria como para ESO en setembro

As listaxes provisionais e definitivas estarán expostas no taboleiro do Centro. (na portería do colexio).

Os pais/nais ou titores deberán ser os que veñan a buscar os libros en setembro, xa que deberán asinar ao anexo da entrega conforme se recollen os libros e se comprometen as normas marcadas pola Consellería.

Para máis información consultar a nosa páxina web: [www.ciamariasantiago.org](http://www.ciamariasantiago.org)

Para calquera consulta ou dúbida que teñan a cerca da solicitude ou documentación anexa, á axuda, poderán enviar un correo electrónico a [secretaria@ciamariasantiago.org](mailto:secretaria@ciamariasantiago.org)

Un cordial saúdo

O Equipo Directivo